Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Frauta

Curso escolar 2026/27

INTRODUCCIÓN

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS

Grao elemental
Grao profesional

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Grao elemental
Grao profesional

1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

RECURSOS DIDÁCTICOS DO GRAO ELEMENTAL

RECURSOS DIDÁCTICOS DO GRAO PROFESIONAL

METODOLOXÍA

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

TEMAS TRANSVERSAIS

Educación en valores
Tratamento das TIC´s

ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

ANEXOS

Probas de acceso a 1º curso de Grao Profesional
Probas de acceso a 2º curso de Grao Elemental
Probas de acceso a 3º curso de Grao Elemental
Probas de acceso a 4º curso de Grao Elemental
Probas de acceso a 2º curso de Grao Profesional
Probas de acceso a 3º curso de Grao Profesional
Probas de acceso a 4º curso de Grao Profesional
Probas de acceso a 5º curso de Grao Profesional
Probas de acceso a 6º curso de Grao Profesional

PREMIOS FIN DE GRAO

INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas para a nosa comunidade autónoma no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Asimesmo, a Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o gobernó fixará en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas.

Asemade, a citada Lei Orgánica no capítulo VI do título I fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, de 22 de decembro, e defínense no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007 de 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música de réxime especial.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria de estudos posteriores.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS

Grao elemental

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- ✓ Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

- ✓ Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

- ✓ Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

- ✓ Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

- ✓ Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

- ✓ Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.

- ✓ Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

- ✓ Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

- ✓ Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

- ✓ Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- ✓ Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- ✓ Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- ✓ Analizar e valorar a calidade da música.
- ✓ Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- ✓ Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- ✓ Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- ✓ Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- ✓ Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- ✓ Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Grao elemental

O ensino da frauta no grao elemental terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- ✓ Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.
- ✓ Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- ✓ Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir, de forma automática, a afinación das notas e a calidade do son.
- ✓ Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- ✓ Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, empezando a utilizar os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación.
- ✓ Interpretar un repertorio básico integrado por obras en diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- ✓ Interpretar de memoria o repertorio estudado.

Grao profesional

- ✓ Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

- ✓ Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, vibrato, etc.

- ✓ Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, no repertorio propio.

- ✓ Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento.

- ✓ Adquirir a capacidade de traballo e a autonomía suficiente para resolver problemas técnicos e interpretativos acordes ao nivel.

- ✓ Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración dos elementos básicos para a produción do son.

- ✓ Ser capaz de desenvolver a capacidade de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.

- ✓ Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

- ✓ Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxectivos

- Coñecemento básico das diferentes partes e mecanismo do instrumento, así como a comprensión de como se produce o son.
- Habituamento a unha correcta montaxe e coidado xeral da frauta.
- Coñecemento da respiración diafragmática como base dun bo son.
- Adopción dunha correcta posición corporal con e sen instrumento (costas, pernas, cadeira, cabeza, brazos e mans)
- Desenvolvemento de hábitos de estudo diario eficaces (espello, atril, concentración) e a suficiente capacidade autocrítica.

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Desenvolvemento da atención, escoita, concentración e relaxación.
- Obtención dun son estable e unha correcta embocadura.
- Interpretación dunha serie de estudos ou obras adecuadas ao nivel.
- Aprendizaxe de diversas obras sinxelas de memoria.
- Práctica da música en conxunto para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Presentación en público.

2. **Contidos**

- Practicar exercicios de relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Facer exercicios con e sen a frauta para adquirir unha correcta posición corporal.
- Realizar sons longos e mantidos para desenvolver a sensibilidade auditiva e a obtención de calidade sonora.
- Traballar os hábitos de estudo diario (regularidade, emprazamento, condicións, silencio...)
- Traballar habitualmente nas clases o silencio de partida, como medio de concentración.
- Practicar escalas e arpexios ata unha ou dúas alteracións coas principais articulacións (picado, ligado).
- Estudar diferentes fragmentos de memoria e exercicios de lectura a primeira vista.
- Coñecer e practicar os xestos camerísticos (entrada, corte...) habituais na interpretación, con piano e en grupo.
- Iniciarse na identificación das estruturas musicais (frase, tema...)

- Realizar audicións de diferentes tipos de música con diversos instrumentos. Comentarios dos alumnos en clase ou escritos.
- Realizar audicións do propio instrumento en distintos tipos de música.
- Seleccionar progresivamente en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para a avaliación do 1º curso de grao elemental tomaranse como referencia os seguintes criterios, agrupados por ámbitos:

Técnica:

- Adoptar unha posición corporal equilibrada e natural durante a práctica instrumental, con e sen frauta.
- Colocar correctamente as mans e os dedos sobre o instrumento.
- Empregar unha embocadura estable que permita producir as notas traballadas.
- Executar as dixitacións básicas con coordinación entre ambas as mans.
- Realizar as articulacións de ligado e picado propias do nivel con claridade.

Son / produción:

- Montar e desmontar correctamente o instrumento seguindo as indicacións de seguridade e conservación.
- Preparar adecuadamente o instrumento antes da interpretación.
- Empregar unha respiración diafragmática suficiente para producir e manter o son en frases curtas.
- Producir un son estable e centrado nas notas e rexistros traballados.
- Manter unha afinación básica adecuada nas notas estudadas.

Ritmo:

- Manter un pulso regular durante a execución de exercicios e pezas sinxelas.
- Executar correctamente as figuras e silencios rítmicos traballados.

- Coordinar a propia interpretación co metrónomo ou co acompañamento.

Interpretación:

- Respectar as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación da partitura.
- Realizar respiracións adecuadas á duración das frases.
- Diferenciar os contrastes básicos de intensidade.
- Interpretar melodías sinxelas mantendo continuidade e sentido musical.

Estilo:

- Identificar o carácter básico das obras traballadas.
- Diferenciar obras de carácter contrastante mediante a dinámica, a articulación e a intención interpretativa.

Repertorio:

- Interpretar completas as obras e estudos establecidos para o curso.
- Executar o repertorio mantendo as notas, ritmos e articulacións previamente traballados.
- Memorizar pequenos fragmentos ou pezas sinxelas previamente seleccionadas.

Autonomía:

- Preparar e traer á clase o material necesario.
- Identificar, coa orientación docente, erros básicos de notas, ritmo ou dixitación.
- Aplicar as indicacións do profesor na corrección dos erros detectados.
- Manter un hábito regular de estudo (espello, atril, concentración).

Interpretación pública:

- Interpretar diante do público mantendo unha postura adecuada e unha actitude de concentración.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.
- Mostrar unha actitude de respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

3.2. Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado deberá acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Interpretar con suficiente autonomía e dominio instrumental un mínimo de 10 obras de

diferentes estilos do repertorio do curso, mostrando un nivel básico de control da respiración, da embocadura, da posición e da dixitación.

- Executar as notas e dixitacións traballadas durante o curso, aínda que poidan presentarse dificultades puntuais.
- Comezar a controlar a emisión do son e estar en proceso de conseguir unha sonoridade estable nas notas traballadas.
- Realizar as respiracións indicadas nas pezas e estudos máis sinxelos.
- Manter un pulso básico nas interpretacións, podendo presentar pequenas dificultades.
- Aplicar as indicacións máis sinxelas de articulación e dinámica.
- Comezar a distinguir diferentes formas de articulación e carácter.
- Interpretar unha parte dunha peza de memoria.
- Participar en polo menos dúas audicións públicas, mostrando unha actitude básica de concentración e continuidade.

3.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo. Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación, que se recollen neste apartado, e os criterios de cualificación, que se establecen no apartado seguinte.

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas trimestrais.
- Audicións públicas trimestrais.
- Exames, cando proceda (incluídos exames escritos se fose necesario).
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.
- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.

- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano e en grupo, incluíndo os xestos camerísticos básicos (entrada, corte).

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel do curso.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación aplicada neste curso será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Estudo e constancia.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Hábitos de estudo diario (regularidade, espazo, silencio, espello e atril).

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso (probas trimestrais e exames de estudos), tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos: escalas e arpexios ata unha ou dúas alteracións coas principais articulacións (picado e ligado).
- Articulación e dixitación.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Interpretación de estudos do curso.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao estilo.
- Capacidade comunicativa.
- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.

- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o curso e o cumprimento dos mínimos esixibles.

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- manter unha posición corporal equilibrada, colocando correctamente as mans e os dedos e empregando unha embocadura estable;
- realizar as dixitacións básicas e as articulacións de ligado e picado propias do nivel con coordinación e claridade;
- montar, desmontar e preparar correctamente o instrumento, así como empregar unha respiración diafragmática suficiente para producir e manter un son estable;
- manter un pulso regular, executar correctamente as figuras e silencios traballados e coordinarse co metrónomo ou co acompañamento;

- respectar as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación da partitura e realizar as respiracións adecuadas á duración das frases;
- interpretar melodías sinxelas con continuidade, sentido musical e adecuación ao carácter da obra;
- executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.2. Convocatoria extraordinaria de xuño

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 1º curso de grao elemental.

Deberá interpretar:

- Un exercicio e unha obra escollidos polo alumno ou alumna (**40 %**). Interpretarase de memoria, como mínimo, un fragmento significativo da obra. Deberá interpretar o material completo, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados e respectando as indicacións básicas de tempo e dinámica.
- Un exercicio e unha obra escollidos polo profesor ou profesora (**40 %**). Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.
- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (**20 %**). Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar correctamente as figuras e silencios básicos, realizar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, colocación das mans e dos dedos, embocadura, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, articulación, respiración, dinámica, tempo, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel do 1º curso de grao elemental.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

4.3. Rúbrica e cálculo da cualificación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para o 1º curso de grao elemental e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Exercicio e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal equilibrada e natural e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e executa as dixitacións básicas con coordinación.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Realiza as articulacións de ligado e picado propias do nivel con claridade.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Emprega unha respiración suficiente e realiza as respiracións adecuadas á duración das frases.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable e centrado nas notas e rexistros traballados.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Mantén unha afinación básica adecuada nas notas estudadas.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa correctamente as figuras e silencios traballados.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a propia interpretación co metrónomo ou co acompañamento.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Interpreta a melodía mantendo continuidade e sentido musical.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Identifica e transmite o carácter básico da obra mediante a dinámica, a articulación e a intención interpretativa.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta a obra completa mantendo as notas, ritmos e articulacións previamente traballados.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta de memoria un fragmento da obra escollida con seguridade.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Exercicio e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal equilibrada e natural e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e executa as dixitacións básicas con coordinación.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Emprega unha respiración suficiente e realiza as respiracións adecuadas á duración das frases.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable e centrado nas notas e rexistros traballados.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa correctamente as figuras e silencios traballados.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a propia interpretación co metrónomo ou co acompañamento.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Identifica e transmite o carácter básico da obra mediante a dinámica, a articulación e a intención interpretativa.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta a obra completa mantendo as notas, ritmos e articulacións previamente traballados.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións básicas traballadas con coordinación.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Executa correctamente as figuras e silencios rítmicos propios do nivel.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación presentes na partitura.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

A cualificación da proba obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

Apartado	Peso	Cualificación
Exercicio + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Exercicio + obra escollidos polo profesor ou profesora	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	____

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

Establecendo a puntuación en base 10, a equivalencia será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o 1º curso de grao elemental. Considerarase especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxectivos

- Desenvolver a capacidade pulmonar e o control do aire.
- Conseguir un mellor coñecemento das partes técnicas da frauta (zapatillas, muelles, resorte, eixos…)
- Adquirir unha posición corporal baseada na relaxación e autocoñecemento do corpo.
- Coñecer e practicar os sons harmónicos.
- Interpretar obras e estudos adecuados ao nivel
- Desenvolver seguridade na interpretación ante o público.
- Desenvolver técnicas e hábitos de estudo individuais, con suficiente capacidade autocrítica.
- Controlar con unha autonomía cada vez maior os recursos interpretativos, (respiracións, son, articulación, fraseo).
- Conseguir un son estable do fa grave ao fa agudo.

2. **Contidos**

- Práctica de exercicios de respiración, relaxación e concentración
- Fomento dunha actitude en clase correcta e positiva.
- División do estudo en cada un dos distintos elementos das obras (técnicos, interpretativos, rítmicos, análises…)
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva mediante sons longos en tódolos rexistros da frauta.
- Práctica do crescendo, diminuendo, ritardando.
- Práctica de escalas ata dúas e tres alteracións así como a escala cromática.
- Ampliación das articulacións (detaché longo e curto)
- Práctica en grupo, e fomento dunha boa actitude persoal.
- Exercicios de adestramento progresivo da memoria e lectura a primeira vista.

- Memorización de escalas e exercicios técnicos.
- Memorización de diversas pezas sinxelas.
- Interpretación de dúos co profesor e/ou compañeiros para desenvolver a afinación e o axuste rítmico.
- Realización de audicións públicas ó longo do curso.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para a avaliación do 2º curso de grao elemental tomaranse como referencia os seguintes criterios, agrupados por ámbitos:

Técnica:

- Manter unha posición corporal relaxada e equilibrada, con coñecemento do propio corpo, durante a práctica instrumental.
- Manter unha colocación correcta das mans e dos dedos e unha embocadura estable en todo o rexistro traballado.
- Executar con coordinación e regularidade as escalas ata tres alteracións e a escala cromática.
- Realizar con claridade as articulacións traballadas (ligado, picado e detaché longo e curto).

Son / produción:

- Coñecer as partes técnicas da frauta e o seu funcionamento, e realizar a montaxe, a limpeza e o mantemento con autonomía.
- Controlar a respiración diafragmática e o apoio do aire para producir e manter o son en frases de extensión media.
- Producir un son estable e homoxéneo do fa grave ao fa agudo.
- Practicar sons longos en todos os rexistros e iniciarse no traballo dos sons harmónicos.
- Manter unha afinación adecuada nas notas estudadas, corrixindo as desviacións coa orientación docente.

Ritmo:

- Manter un pulso regular en exercicios, estudos e obras, incluídos os cambios graduais de tempo.
- Executar correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas do nivel.
- Coordinar a propia interpretación co metrónomo, co piano ou co dúo.

Interpretación:

- Respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e fraseo da partitura.
- Realizar crescendo, diminuendo e ritardando con control do son.
- Realizar respiracións adecuadas ao fraseo e á duración das frases.
- Interpretar estudos e obras do nivel con continuidade e sentido musical.

Estilo:

- Identificar o carácter das obras traballadas.
- Diferenciar obras de estilos e caracteres contrastantes mediante a dinámica, a articulación e a intención interpretativa.

Repertorio:

- Interpretar completos os estudos e obras establecidos para o curso.
- Executar o repertorio mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.
- Memorizar escalas, exercicios técnicos e pezas sinxelas.
- Interpretar dúos co profesor ou con compañeiros, axustando a afinación e a precisión rítmica.

Autonomía:

- Preparar o material necesario e o estudo semanal con regularidade.
- Aplicar técnicas de estudo básicas, dividindo o traballo en elementos técnicos, rítmicos e interpretativos.
- Identificar e corrixir, con autonomía cada vez maior, erros de notas, ritmo, dixitación ou afinación.
- Ler á vista pequenos fragmentos adecuados ao nivel.

Interpretación pública:

- Interpretar diante do público con seguridade, postura adecuada e concentración.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.

- Mostrar respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

3.2. Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado deberá acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Interpretar con suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso, mostrando control da respiración, da embocadura, da posición e da dixitación.
- Producir un son estable nos rexistros traballados e manter unha afinación básica adecuada.
- Executar as escalas propias do curso (ata dúas ou tres alteracións) con regularidade suficiente.
- Manter o pulso e respectar as indicacións de tempo, dinámica e articulación das obras e estudos.
- Interpretar de memoria algunha das obras ou estudos do curso.
- Participar en polo menos dúas audicións públicas, mostrando seguridade, concentración e continuidade.

3.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo. Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación, que se recollen neste apartado, e os criterios de cualificación, que se establecen no apartado seguinte.

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas trimestrais.
- Audicións públicas trimestrais.
- Exames, cando proceda (incluídos exames escritos se fose necesario).
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.

- Autoavaliación.
- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano e en agrupacións (dúos co profesor ou con compañeiros).

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel do curso.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación aplicada neste curso será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Estudo e constancia.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Aplicación de técnicas de estudo individuais e capacidade autocrítica.

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso (probas trimestrais e exames de estudos), tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos: escalas ata tres alteracións e escala cromática.
- Articulación e dixitación.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Interpretación de estudos do curso.
- Memorización de escalas, exercicios técnicos e pezas sinxelas.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao estilo.
- Capacidade comunicativa.
- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.

- Responsabilidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o curso e o cumprimento dos mínimos esixibles.

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- manter unha posición corporal relaxada e equilibrada, colocando correctamente as mans e os dedos e empregando unha embocadura estable en todo o rexistro traballado;
- realizar as dixitacións, as escalas ata tres alteracións e as articulacións propias do nivel (ligado, picado e detaché) con coordinación e claridade;

- montar, desmontar e preparar correctamente o instrumento, así como empregar o apoio do aire necesario para producir e manter un son estable e homoxéneo do fa grave ao fa agudo;
- manter un pulso regular, executar correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas traballados e coordinarse co metrónomo ou co acompañamento;
- respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e fraseo da partitura e realizar as respiracións adecuadas á duración das frases;
- interpretar estudos e obras do nivel con continuidade, sentido musical e adecuación ao carácter da obra;
- executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.2. Convocatoria extraordinaria de xuño

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 2º curso de grao elemental.

Deberá interpretar:

- Un exercicio e unha obra escollidos polo alumno ou alumna (**40 %**). A obra escollida polo alumno ou alumna interpretarase de memoria. Deberá interpretar o material completo, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados e respectando as indicacións básicas de tempo e dinámica.
- Un exercicio e unha obra escollidos polo profesor ou profesora (**40 %**). Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.
- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (**20 %**). Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar correctamente as figuras e silencios

básicos, realizar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, colocación das mans e dos dedos, embocadura, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, articulación, respiración, dinámica, tempo, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel do 2º curso de grao elemental.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

4.3. Rúbrica e cálculo da cualificación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para o 2º curso de grao elemental e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Exercicio e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal relaxada e equilibrada e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable en todo o rexistro traballado e executa as dixitacións do nivel con coordinación.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa con coordinación e regularidade as escalas ata tres alteracións e a escala cromática.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Realiza con claridade as articulacións traballadas (ligado, picado e detaché longo e curto).	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Controla o apoio do aire e realiza as respiracións adecuadas ao fraseo e á duración das frases.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable e homoxéneo do fa grave ao fa agudo.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Son / produción	Mantén unha afinación adecuada nas notas estudadas, corrixindo as desviacións coa orientación docente.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas traballados.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co dúo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e fraseo da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Realiza crescendo, diminuendo e ritardando con control do son.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Interpreta estudos e obras do nivel con continuidade e sentido musical.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Diferencia o carácter da obra mediante a dinámica, a articulación e a intención interpretativa.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Memoriza escalas, exercicios técnicos ou pezas sinxelas e interprétaos con seguridade.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Exercicio e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal relaxada e equilibrada e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable en todo o rexistro traballado e executa as dixitacións do nivel con coordinación.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa con coordinación e regularidade as escalas ata tres alteracións e a escala cromática.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Controla o apoio do aire e realiza as respiracións adecuadas ao fraseo e á duración das frases.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable e homoxéneo do fa grave ao fa agudo.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas traballados.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co dúo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e fraseo da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Diferencia o carácter da obra mediante a dinámica, a articulación e a intención interpretativa.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións e alteracións traballadas con coordinación.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas propias do nivel.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica e articulación presentes na partitura.	☐	☐	☐	☐
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

A cualificación da proba obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

Apartado	Peso	Cualificación
Exercicio + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Exercicio + obra escollidos polo profesor ou profesora	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	____

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

Establecendo a puntuación en base 10, a equivalencia será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6

Nivel	Descrición	Puntuación
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o 2º curso de grao elemental. Considerarase especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxectivos

- Consolidar os aspectos traballados durante os cursos anteriores.
- Adquirir un plan de estudo eficaz.
- Interpretar obras e estudos adecuados ao nivel.
- Desenvolver seguridade na interpretación perante o público.
- Coñecer e practicar os sons harmónicos, whistle-tones e o frulatto.
- Identificar e practicar as estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para chegar a unha interpretación cada vez máis consciente.
- Tocar escalas ata tres alteracións a unha velocidade maior.
- Practicar música en grupo e con acompañamento de piano.
- Fomentar a realización de gravacións habitualmente para a súa escoita posterior e así potenciar a autocrítica.
- Conseguir que no silencio de partida o alumno repase mentalmente todo o que necesita recordar para o éxito da interpretación inmediata.
- Manter a atención nos periodos de silencio e comprensión deste como parte do feito musical.
- Desenvolver a memoria e a lectura a primeira vista.

2. Contidos

- Exercicios de resonancia do son utilizando a gorxa e a cavidade da boca como órganos resoadores, así coma o estudo dos harmónicos.
- División do estudo en cada un dos distintos elementos das obras (técnicos, expresivos, memorización...)
- Continuación á comprensión das estruturas musicais, para chegar a través dunha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Ampliación no estudo das articulacións.
- Estudo de escalas a velocidade moderada.
- Estudo de escalas ata tres alteracións.
- Estudo dos trinos.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Traballo habitual nas clases do silencio de partida como medio de concentración.
Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 1º curso de grao profesional.

Deberá interpretar:

- Un estudo e unha obra escollidos polo alumno ou alumna (**40 %**). A obra escollida polo alumno ou alumna interpretarase de memoria. Deberá interpretar o material completo, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados e respectando as indicacións básicas de tempo e dinámica.
- Un estudo e unha obra escollidos polo profesor ou profesora (**40 %**). Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.
- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (**20 %**). Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar correctamente as figuras e silencios básicos, realizar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, colocación das mans e dos dedos, embocadura, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, articulación, respiración, dinámica, tempo, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel do 1º curso de grao profesional.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

4.3. Rúbrica e cálculo da cualificación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de

xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para o 1º curso de grao profesional e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal relaxada, flexible e aberta e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en toda a extensión traballada e executa as dixitacións con fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa con coordinación e fluidez as escalas e arpexios maiores e menores en todas as tonalidades a velocidade moderada.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Realiza con claridade as articulacións traballadas (picado longo, marcado e staccato) e as notas repetidas.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa o legato con calidade en escalas e arpexios e inicia o traballo do vibrato.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración eficaz e realiza as respiracións adecuadas ao fraseo.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable e homoxéneo do fa grave ao la agudo en diferentes dinámicas.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Controla a afinación mediante o ángulo do sopro, a velocidade do aire, o apoio e a abertura dos beizos.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Interpreta con continuidade, fraseo e sentido musical.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao carácter e ao estilo da obra mediante o son, a articulación e a dinámica.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta de memoria pasaxes, estudos ou obras do curso con seguridade.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal relaxada, flexible e aberta e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en toda a extensión traballada e executa as dixitacións con fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa con coordinación e fluidez as escalas e arpexios maiores e menores en todas as tonalidades a velocidade moderada.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración eficaz e realiza as respiracións adecuadas ao fraseo.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable e homoxéneo do fa grave ao la agudo en diferentes dinámicas.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao carácter e ao estilo da obra mediante o son, a articulación e a dinámica.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións e alteracións das tonalidades traballadas con coordinación e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas propias do nivel.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión presentes na partitura.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

A cualificación da proba obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Estudo + obra escollidos polo profesor ou profesora	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	____

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

Establecendo a puntuación en base 10, a equivalencia será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o 1º curso de grao profesional. Considerarase especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Continuar e consolidar os obxectivos traballados en cursos anteriores.
- Conseguir un mellor desenvolvemento das capacidades respiratorias.
- Adquirir unha respiración silenciosa.
- Conseguir unha boa calidade do legato.
- Coñecer e utilizar os diferentes elementos da producción do son: apoio do aire, velocidade do aire, gorxa, boca, mandíbula, dirección do aire, ángulo de sopro.
- Poder tocar relativamente forte e piano pero afinado.
- Desenvolver o estudo e práctica do vibrato.
- Practicar e desenvolver os diferentes xeitos de producir son coa frauta.
- Desenvolver a gama de articulacións.
- Iniciación no estudo do dobre picado.
- Conseguir tocar en todas as tonalidades.
- Coñecer as posicións de trinos básicas.
- Demostrar a capacidade de adoptar diferentes recursos técnicos na interpretación.
- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Poder tocar afinado e rítmicamente correcto con piano, dúo e trío de frautas.
- Memorizar un número determinado de obras e/ou estudos.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Coñecer e traballar as distintas técnicas de estudo (separación de dificultades, alteración de ritmos, aplicación do metrónomo, traballar fragmentos…).
- Conseguir ser capaz de actuar en público a través de concertos e audicións de alumnos.

2. Contidos

- Estudo do son a través de sons longos.
- Estudo de escalas e arpexios en todas as tonalidades.

- Estudo do legato e a flexibilidade.
- Estudo de escalas cromáticas.
- Estudo do dobre picado.
- Estudo das articulacións. Exercicios de afinación, vibrato, matices e homoxeneidade do son.
- Práctica de exercicios de respiración.
- Memorización de obras e lectura a primeira vista.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Realización de audicións e concertos.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para a avaliación do 2º curso de grao profesional tomaranse como referencia os seguintes criterios, agrupados por ámbitos:

Técnica:

- Manter unha posición corporal relaxada e estable e unha colocación correcta das mans e dos dedos.
- Empregar unha embocadura estable e flexible, con dominio dos diferentes xeitos de producir o son coa frauta.
- Executar con seguridade escalas, arpexios e a escala cromática en todas as tonalidades.
- Realizar con claridade e regularidade as articulacións do nivel e iniciarse con control no dobre picado.
- Aplicar o vibrato e os trinos básicos de xeito controlado e ao servizo da expresión.

Son / produción:

- Coñecer e utilizar os elementos da produción do son (apoio e velocidade do aire, gorxa,

boca, mandíbula, dirección do aire e ángulo do sopro).

- Empregar unha respiración silenciosa e eficaz e realizar respiracións musicais adecuadas ao fraseo.
- Producir un son estable, homoxéneo e de calidade, tocando forte e piano sen perder a afinación.
- Controlar a afinación en solista, con piano e en dúo ou trío de frautas.

Ritmo:

- Manter un pulso regular e executar con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.
- Coordinar a propia interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo, sendo rítmicamente correcto.

Interpretación:

- Respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.
- Adoptar diferentes recursos técnicos (articulación, dinámica, cor) segundo as necesidades da interpretación.
- Interpretar con continuidade, fraseo e sentido musical.

Estilo:

- Identificar as características do estilo das obras traballadas.
- Adaptar a interpretación ao carácter e ao estilo das obras mediante o son, a articulación e a dinámica.

Repertorio:

- Interpretar completos os estudos e obras establecidos para o curso.
- Memorizar un número determinado de obras ou estudos e interpretalos con seguridade.
- Tocar afinado e con axuste rítmico con piano, en dúo e en trío de frautas.

Autonomía:

- Coñecer e aplicar as técnicas de estudo (separación de dificultades, alteración de ritmos, metrónomo, traballo de fragmentos).
- Resolver con autonomía cada vez maior os problemas técnicos e interpretativos do repertorio.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.

Interpretación pública:

- Interpretar diante do público con seguridade, expresividade e concentración.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.
- Mostrar respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

3.2. Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado deberá acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Interpretar 5 estudos e 3 obras do programa do curso, mostrando seguridade técnica e musical.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades, incluída a escala cromática, con regularidade.
- Producir un son estable e homoxéneo, tocando forte e piano cunha afinación adecuada.
- Iniciarse no dobre picado e aplicar o vibrato de xeito controlado.
- Interpretar de memoria algunha das obras ou estudos do curso.
- Mostrar a súa capacidade escénica en polo menos dúas audicións públicas, con seguridade, concentración e continuidade.

3.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo. Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación, que se recollen neste apartado, e os criterios de cualificación, que se establecen no apartado seguinte.

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas trimestrais.
- Audicións públicas trimestrais.
- Exames, cando proceda (incluídos exames escritos se fose necesario).
- Traballos escritos, cando proceda.

- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.
- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano e en agrupacións (dúo e trío de frautas).

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel do curso.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación aplicada neste curso será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Estudo e constancia.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Aplicación das técnicas de estudo (separación de dificultades, alteración de ritmos, metrónomo).

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso (probas trimestrais e exames de estudos), tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos: escalas e arpexios en todas as tonalidades e escala cromática.
- Articulación e dixitación.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Interpretación de estudos do curso.
- Exercicios de son, afinación, vibrato, matices e homoxeneidade.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao estilo.
- Capacidade comunicativa.
- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.

- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o curso e o cumprimento dos mínimos esixibles.

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- manter unha posición corporal relaxada e estable, colocando correctamente as mans e os dedos e empregando unha embocadura estable e flexible;
- realizar as escalas, arpexios e a escala cromática en todas as tonalidades e as

articulacións propias do nivel, incluída a iniciación ao dobre picado con coordinación e claridade;

- montar, desmontar e preparar correctamente o instrumento, así como empregar unha respiración silenciosa e eficaz para producir e manter un son estable, homoxéneo e de calidade, en forte e en piano;
- manter un pulso regular, executar correctamente as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel e coordinarse co metrónomo ou co acompañamento;
- respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura e realizar as respiracións adecuadas á duración das frases;
- interpretar estudos e obras do nivel con continuidade, sentido musical e adecuación ao carácter da obra;
- executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.2. Convocatoria extraordinaria de xuño

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 2º curso de grao profesional.

Deberá interpretar:

- Un estudo e unha obra escollidos polo alumno ou alumna (**40 %**). A obra escollida polo alumno ou alumna interpretarase de memoria. Deberá interpretar o material completo, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados e respectando as indicacións básicas de tempo e dinámica.
- Un estudo e unha obra escollidos polo profesor ou profesora (**40 %**). Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.

- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (**20 %**). Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar correctamente as figuras e silencios básicos, realizar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, colocación das mans e dos dedos, embocadura, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, articulación, respiración, dinámica, tempo, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel do 2º curso de grao profesional.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

4.3. Rúbrica e cálculo da cualificación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para o 2º curso de grao profesional e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal relaxada e estable e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa con seguridade escalas, arpexios e a escala cromática en todas as tonalidades.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Realiza con claridade e regularidade as articulacións do nivel e inicia con control o dobre picado.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Aplica o vibrato e os trinos básicos de xeito controlado e ao servizo da expresión.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Son / produción	Emprega unha respiración silenciosa e eficaz e realiza respiracións musicais adecuadas ao fraseo.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable, homoxéneo e de calidade, tocando forte e piano sen perder a afinación.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Controla a afinación en solista, con piano e en dúo ou trío de frautas.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Interpreta con continuidade, fraseo e sentido musical.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao carácter e ao estilo da obra mediante o son, a articulación e a dinámica.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta de memoria obras ou estudos do curso con seguridade.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal relaxada e estable e coloca correctamente mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa con seguridade escalas, arpexios e a escala cromática en todas as tonalidades.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Emprega unha respiración silenciosa e eficaz e realiza respiracións musicais adecuadas ao fraseo.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable, homoxéneo e de calidade, tocando forte e piano sen perder a afinación.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Estilo	Adapta a interpretación ao carácter e ao estilo da obra mediante o son, a articulación e a dinámica.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións e alteracións de todas as tonalidades traballadas con coordinación e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas propias do nivel.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión presentes na partitura.	☐	☐	☐	☐
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

A cualificación da proba obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Estudo + obra escollidos polo profesor ou profesora	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	____

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

Establecendo a puntuación en base 10, a equivalencia será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8

Nivel	Descrición	Puntuación
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o 2º curso de grao profesional. Considerarase especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Perfeccionar os conceptos traballados nos cursos anteriores.
- Acadar unha correcta posición.
- Acadar unha boa técnica de respiración diafragmática e silenciosa.
- Coñecer as posicións dos trinos.
- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria na mellora constante do son.
- Desenrolar o doble e o triple picado .
- Coñecer e usar as diferentes tácnicas contemporáneas (frulatto, multifónicos, whistle tone, etc).
- Aumentar a velocidade na execución de escalas e arpexios.
- Saber empregar con autonomía os elementos que conflúen na producción do son.
- Realizar a interpretación de obras a través da análise das mesmas.
- Desenrolar a capacidade de solucionar problemas que xurdan ó longo do estudo
- Coñecer os principais solos de orquestra.
- Interpretar obras que inclúan obras dos diferentes estilos.
- Realizar actuacións en público.

2. Contidos

- Estudo dos trinos
- Estudo do rexistro sobreagudo
- Exercicios de control do vibrato
- Práctica da lectura a vista
- Práctica da música de conxunto
- Realización de audicións

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para a avaliación do 3º curso de grao profesional tomaranse como referencia os seguintes criterios, agrupados por ámbitos:

Técnica:

- Manter unha posición correcta do corpo, das mans e dos dedos durante toda a interpretación.
- Empregar unha embocadura estable e flexible en toda a extensión, incluído o rexistro sobreagudo traballado.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades con maior velocidade, precisión e regularidade.
- Realizar con precisión as articulacións do nivel, incluídos o dobre e o triple picado.
- Executar os trinos e as técnicas contemporáneas do nivel (frulatto, multifónicos e whistle tone) con control.

Son / produción:

- Empregar con autonomía os elementos que interveñen na produción do son.
- Aplicar unha respiración diafragmática e silenciosa e realizar respiracións musicais.
- Producir un son estable, resoante e homoxéneo en toda a extensión, con mellora constante da calidade sonora.

- Controlar a afinación en solista e en conxunto.

Ritmo:

- Manter un pulso regular e executar con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.
- Coordinar a propia interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo.

Interpretación:

- Respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.
- Interpretar as obras apoiándose na análise das mesmas.

Estilo:

- Interpretar obras de diferentes estilos, identificando as súas características.
- Adaptar a interpretación ao estilo de cada obra mediante a articulación, o son, a dinámica e a ornamentación.

Repertorio:

- Interpretar completos os estudos e obras establecidos para o curso, incluíndo obras de diferentes estilos.
- Memorizar e interpretar de memoria obras ou estudos do curso.
- Practicar a música de conxunto con afinación, axuste e escoita mutua.
- Coñecer os principais solos de orquestra do repertorio da frauta.

Autonomía:

- Desenvolver a capacidade de solucionar os problemas que xurdan ao longo do estudo.
- Aplicar técnicas de estudo eficaces con autonomía crecente.
- Ler á vista fragmentos adecuados ao nivel con fluidez.

Interpretación pública:

- Interpretar diante do público con seguridade, expresividade e concentración.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.
- Mostrar respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

3.2. Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado deberá acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Interpretar 5 estudos e 3 obras da programación do curso, incluíndo obras de diferentes estilos.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades con velocidade e regularidade axeitadas ao nivel.
- Producir un son estable e homoxéneo en toda a extensión, con afinación adecuada.
- Executar os trinos e coñecer as técnicas contemporáneas propias do nivel.
- Interpretar de memoria algunha das obras ou estudos do curso.
- Mostrar a súa capacidade escénica en polo menos dúas audicións públicas, con seguridade, concentración e continuidade.

3.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo. Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación, que se recollen neste apartado, e os criterios de cualificación, que se establecen no apartado seguinte.

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas trimestrais.
- Audicións públicas trimestrais.
- Exames, cando proceda (incluídos exames escritos se fose necesario).
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.
- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano e en agrupacións camerísticas.

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel do curso.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación aplicada neste curso será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Estudo e constancia.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Resolución autónoma de problemas técnicos e interpretativos a través da análise das obras.

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso (probas trimestrais e exames de estudos), tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos: escalas e arpexios en todas as tonalidades con maior velocidade.
- Articulación e dixitación.

- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Interpretación de estudos do curso.
- Trinos, dobre e triple picado e técnicas contemporáneas do nivel.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao estilo.
- Capacidade comunicativa.
- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.

- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o curso e o cumprimento dos mínimos esixibles.

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- manter unha posición corporal correcta, colocando correctamente as mans e os dedos e empregando unha embocadura estable e flexible en toda a extensión;
- realizar as escalas e arpexios en todas as tonalidades con maior velocidade, os trinos e as articulacións propias do nivel, incluídos o dobre e o triple picado con coordinación e claridade;
- montar, desmontar e preparar correctamente o instrumento, así como empregar unha respiración diafragmática e silenciosa para producir e manter un son estable, resoante e homoxéneo;
- manter un pulso regular, executar correctamente as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel e coordinarse co metrónomo ou co acompañamento;
- respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura e

realizar as respiracións adecuadas á duración das frases;

- interpretar estudos e obras do nivel apoiándose na análise con continuidade, sentido musical e adecuación ao carácter da obra;
- executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.2. Convocatoria extraordinaria de xuño

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 3º curso de grao profesional.

Deberá interpretar:

- Un estudo e unha obra escollidos polo alumno ou alumna (**40 %**). A obra escollida polo alumno ou alumna interpretarase de memoria. Deberá interpretar o material completo, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados e respectando as indicacións básicas de tempo e dinámica.
- Un estudo e unha obra escollidos polo profesor ou profesora (**40 %**). Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.
- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (**20 %**). Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar correctamente as figuras e silencios básicos, realizar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, colocación das mans e dos dedos, embocadura, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, articulación, respiración, dinámica, tempo, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel do 3º curso de grao profesional.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un

dos tres apartados.

4.3. Rúbrica e cálculo da cualificación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para o 3º curso de grao profesional e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición correcta do corpo, das mans e dos dedos durante toda a interpretación.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en toda a extensión e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa escalas e arpexios en todas as tonalidades con maior velocidade, precisión e regularidade.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Realiza con precisión as articulacións do nivel, incluídos o dobre e o triple picado.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa os trinos e as técnicas contemporáneas do nivel (frulatto, multifónicos e whistle tone) con control.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración diafragmática e silenciosa e realiza respiracións musicais.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable, resoante e homoxéneo en toda a extensión, con mellora constante da calidade sonora.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Controla a afinación en solista e en conxunto.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Interpretación	Interpreta con continuidade, fraseo e sentido musical, apoiándose na análise da obra.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao estilo da obra mediante a articulación, o son, a dinámica e a ornamentación.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta de memoria obras ou estudos do curso con seguridade.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición correcta do corpo, das mans e dos dedos durante toda a interpretación.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en toda a extensión e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa escalas e arpexios en todas as tonalidades con maior velocidade, precisión e regularidade.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración diafragmática e silenciosa e realiza respiracións musicais.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable, resoante e homoxéneo en toda a extensión, con mellora constante da calidade sonora.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao estilo da obra mediante a articulación, o son, a dinámica e a ornamentación.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións e alteracións de todas as tonalidades con coordinación e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas propias do nivel.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión presentes na partitura.	☐	☐	☐	☐
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

A cualificación da proba obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Estudo + obra escollidos polo profesor ou profesora	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	____

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

Establecendo a puntuación en base 10, a equivalencia será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o 3º curso de grao profesional. Considerarase especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do

son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Perfeccionar os conceptos traballados nos cursos anteriores.
- Acadar unha boa posición das mans e do corpo co instrumento.
- Acadar unha maior consciencia do corpo e da súa importancia para o instrumento.
- Acadar un son estable en todo o rexistro da frauta.
- Conseguir tocar forte e piano sen variar a calidade do son e da afinación.
- Coñecer as posicións dos trinos.
- Demostrar a flexibilidade necesaria no legato.
- Acadar o hábito de tocar afinado na interpretación en conxunto.
- Demostrar a sensibilidade necesaria para o constante perfezoamento do son.
- Saber utilizar con meirande autonomía os diferentes elementos da producción do son : apoio do aire, velocidade do aire, ángulo de soplo, que permitan variar e desenrolar todolos aspectos da sonoridade: (volumen , prosección, resosanacia, afinación homoxeneidade).
- Coñecer as diferentes solos célebres de orquestra a través das gravacións.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade acorde co nivel.
- Ser quen de actuar en público coa seguridade necesaria.

2. Contidos

- Práctica de exercicios diarios de son.
- Estudo dos diferentes xeitos de soar o instrumento.

- Exercicios de respiración e relaxación.
- Estudo dos trinos.
- Estudo do rexistro sobreagudo.
- Exercicios para o control do vibrato.
- Práctica da lectura a vista.
- Práctica da música de conxunto.
- Realización de concertos e audicións de frauta.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para a avaliación do 4º curso de grao profesional tomaranse como referencia os seguintes criterios, agrupados por ámbitos:

Técnica:

- Manter unha boa posición das mans e do corpo co instrumento, con conciencia da súa importancia para a técnica.
- Empregar unha embocadura estable e flexible en todo o rexistro da frauta, incluído o sobreagudo traballado.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades con velocidade, precisión e regularidade.
- Realizar con precisión as articulacións do nivel e demostrar a flexibilidade necesaria no legato.
- Executar os trinos e controlar o vibrato ao servizo da expresión.

Son / produción:

- Empregar con autonomía o apoio e a velocidade do aire e o ángulo do sopro para variar o volume, a proxección, a resonancia, a afinación e a homoxeneidade do son.
- Aplicar unha respiración diafragmática e silenciosa e realizar respiracións musicais.
- Producir un son estable en todo o rexistro da frauta, tocando forte e piano sen variar a calidade do son nin a afinación.

- Manter a afinación con seguridade na interpretación en conxunto.

Ritmo:

- Manter un pulso regular e executar con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.
- Coordinar a propia interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo.

Interpretación:

- Respectar con rigor as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.
- Interpretar con continuidade, fraseo, sentido musical e capacidade comunicativa.

Estilo:

- Coñecer as características das diversas épocas e estilos do repertorio da frauta.
- Adaptar a interpretación ao estilo de cada obra mediante o son, a articulación, a dinámica e a ornamentación.

Repertorio:

- Interpretar completos os estudos e obras establecidos para o curso, representativos de diversas épocas e estilos.
- Memorizar e interpretar de memoria obras ou estudos do curso.
- Practicar a música de conxunto co hábito de tocar afinado e escoitando os demais.
- Coñecer a través de gravacións os solos célebres de orquestra.

Autonomía:

- Resolver con maior autonomía as dificultades técnicas e interpretativas das obras.
- Aplicar técnicas de estudo eficaces e valorar criticamente o propio traballo.
- Ler á vista fragmentos adecuados ao nivel con fluidez.

Interpretación pública:

- Interpretar diante do público con seguridade, expresividade e concentración.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.
- Mostrar respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

3.2. Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado deberá acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Interpretar 5 estudos e 3 obras da programación do curso, representativos de diferentes estilos.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades con velocidade e regularidade axeitadas ao nivel.
- Producir un son estable en todo o rexistro, tocando forte e piano sen variar a calidade nin a afinación.
- Executar os trinos e controlar o vibrato de xeito adecuado ao nivel.
- Interpretar de memoria algunha das obras ou estudos do curso.
- Mostrar a súa capacidade escénica en polo menos dúas audicións públicas, con seguridade, concentración e continuidade.

3.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo. Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación, que se recollen neste apartado, e os criterios de cualificación, que se establecen no apartado seguinte.

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas trimestrais.
- Audicións públicas trimestrais.
- Exames, cando proceda (incluídos exames escritos se fose necesario).
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.
- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano e en agrupacións camerísticas.

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel do curso.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación aplicada neste curso será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Estudo e constancia.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Uso autónomo dos elementos da produción do son e conciencia corporal na práctica.

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso (probas trimestrais e exames de estudos), tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos: escalas e arpexios en todas as tonalidades con velocidade e precisión.
- Articulación e dixitación.

- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Interpretación de estudos do curso.
- Exercicios de son, trinos, sobreagudo e control do vibrato.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao estilo.
- Capacidade comunicativa.
- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.

- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o curso e o cumprimento dos mínimos esixibles.

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- manter unha posición corporal correcta e consciente, colocando correctamente as mans e os dedos e empregando unha embocadura estable e flexible en todo o rexistro;
- realizar as escalas e arpexios en todas as tonalidades, os trinos e as articulacións propias do nivel, con flexibilidade no legato con coordinación e claridade;
- montar, desmontar e preparar correctamente o instrumento, así como empregar unha respiración diafragmática e silenciosa para producir e manter un son estable en todo o rexistro, en forte e en piano;
- manter un pulso regular, executar correctamente as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel e coordinarse co metrónomo ou co acompañamento;
- respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura e realizar as respiracións adecuadas á duración das frases;

- interpretar estudos e obras de diferentes estilos con continuidade, sentido musical e adecuación ao carácter da obra;
- executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.2. Convocatoria extraordinaria de xuño

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 4º curso de grao profesional.

Deberá interpretar:

- Un estudo e unha obra escollidos polo alumno ou alumna (**40 %**). A obra escollida polo alumno ou alumna interpretarase de memoria. Deberá interpretar o material completo, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados e respectando as indicacións básicas de tempo e dinámica.
- Un estudo e unha obra escollidos polo profesor ou profesora (**40 %**). Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.
- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (**20 %**). Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar correctamente as figuras e silencios básicos, realizar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, colocación das mans e dos dedos, embocadura, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, articulación, respiración, dinámica, tempo, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel do 4º curso de grao profesional.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

4.3. Rúbrica e cálculo da cualificación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para o 4º curso de grao profesional e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha boa posición das mans e do corpo co instrumento, con conciencia da súa importancia.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en todo o rexistro e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa escalas e arpexios en todas as tonalidades con velocidade, precisión e regularidade.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Realiza con precisión as articulacións do nivel e demostra a flexibilidade necesaria no legato.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa os trinos e controla o vibrato ao servizo da expresión.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración diafragmática e silenciosa e realiza respiracións musicais.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable en todo o rexistro da frauta, tocando forte e piano sen variar a calidade do son nin a afinación.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Mantén a afinación con seguridade na interpretación en conxunto.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta con rigor as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Interpretación	Interpreta con continuidade, fraseo, sentido musical e capacidade comunicativa.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao estilo da obra mediante o son, a articulación, a dinámica e a ornamentación.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta de memoria obras ou estudos do curso con seguridade.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha boa posición das mans e do corpo co instrumento, con conciencia da súa importancia.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en todo o rexistro e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa escalas e arpexios en todas as tonalidades con velocidade, precisión e regularidade.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración diafragmática e silenciosa e realiza respiracións musicais.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable en todo o rexistro da frauta, tocando forte e piano sen variar a calidade do son nin a afinación.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano ou co grupo cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta con rigor as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao estilo da obra mediante o son, a articulación, a dinámica e a ornamentación.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións e alteracións de todas as tonalidades con coordinación e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas propias do nivel.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión presentes na partitura.	☐	☐	☐	☐
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

A cualificación da proba obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Estudo + obra escollidos polo profesor ou profesora	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	____

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

Establecendo a puntuación en base 10, a equivalencia será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o 4º curso de grao profesional. Considerarase especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do

son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Mellorar a emisión conseguindo un son estable e aplicando as distintas dinámicas e flexibilidade en toda la extensión do instrumento.
- Desenvolver diferentes aspectos do son coma a cor, timbre, novas técnicas de producción do son.
- Mellorar a habilidade e velocidade necesarias en dedos e lingua sincronizados para executar con precisión as obras programadas no curso.
- Perfeccionar o control corporal a través da relaxación e a concentración.
- Coñecer a evolución do papel da frauta na orquestra.
- Coñecer e interpretar fragmentos de repertorio orquestal.
- Mellorar a interpretación a través da análise formal e armónico e da audición das pezas
- Mellorar a capacidade para interpretar en conxunto.
- Desenvolver a capacidade de improvisar e a creatividade.

2. Contidos

- Exercicios de son, escalas, arpexios, exercicios de quentamento diario etc.
- Continuación do desenvolvemento da velocidade en todas as tonalidades, así como en todas as articulacións.
- Profundización no estudo do vibrato.
- Traballo en profundidade do rexistro agudo.
- Exercicios de afinación.
- Desenvolvemento da lectura a vista.

- Entrenamento progresivo e permanente da memoria.
- Traballo do repertorio orquestral.
- Práctica da música de conxunto.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para a avaliación do 5º curso de grao profesional tomaranse como referencia os seguintes criterios, agrupados por ámbitos:

Técnica:

- Manter un control corporal adecuado a través da relaxación e da concentración durante a interpretación.
- Empregar unha embocadura estable e flexible en toda a extensión, con traballo en profundidade do rexistro agudo.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade, precisión e regularidade.
- Sincronizar dedos e lingua coa habilidade e velocidade necesarias para executar con precisión as obras do curso.
- Aplicar o vibrato de xeito controlado e ao servizo da expresión.

Son / produción:

- Desenvolver diferentes aspectos do son (cor, timbre e novas técnicas de produción do son).
- Aplicar unha respiración diafragmática e silenciosa e realizar respiracións musicais.
- Producir un son estable, con distintas dinámicas e flexibilidade, en toda a extensión do instrumento.
- Controlar a afinación en solista e en conxunto mediante exercicios específicos.

Ritmo:

- Manter un pulso regular e executar con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.
- Coordinar a propia interpretación co metrónomo, co piano, co grupo ou coa orquestra.

Interpretación:

- Respectar con rigor as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.
- Interpretar apoiándose na análise formal e harmónica e na audición das pezas.

Estilo:

- Interpretar obras de diferentes épocas e estilos, identificando as súas características.
- Adaptar a interpretación ao estilo de cada obra mediante o son, a articulación, a dinámica e a ornamentación.

Repertorio:

- Interpretar completos os estudos e obras establecidos para o curso, incluíndo concertos e obras de frauta soa cando corresponda.
- Memorizar e interpretar de memoria obras ou estudos do curso.
- Coñecer a evolución do papel da frauta na orquestra e interpretar fragmentos do repertorio orquestral.
- Mellorar a capacidade de interpretar en conxunto.

Autonomía:

- Resolver con autonomía as dificultades técnicas e interpretativas das obras.
- Desenvolver a capacidade de improvisar e a creatividade.
- Ler á vista con fluidez e adestrar a memoria de forma progresiva e permanente.

Interpretación pública:

- Interpretar diante do público con seguridade, expresividade e concentración.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.
- Mostrar respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

3.2. Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado deberá acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Interpretar un mínimo de 5 estudos e 3 obras da programación do curso, de diferentes estilos.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade e regularidade axeitadas ao nivel.

- Producir un son estable e flexible en toda a extensión, con control do rexistro agudo e da afinación.
- Interpretar algúns fragmentos do repertorio orquestal do nivel.
- Interpretar de memoria algunha das obras ou estudos do curso.
- Mostrar a súa capacidade escénica en polo menos dúas audicións públicas, con seguridade, concentración e continuidade.

3.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo. Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación, que se recollen neste apartado, e os criterios de cualificación, que se establecen no apartado seguinte.

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas trimestrais.
- Audicións públicas trimestrais.
- Exames, cando proceda (incluídos exames escritos se fose necesario).
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.
- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano, agrupacións camerísticas e repertorio orquestral.

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel do curso.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na

cualificación final. A ponderación aplicada neste curso será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Estudo e constancia.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Preparación do repertorio orquestral e da música de conxunto.

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso (probas trimestrais e exames de estudos), tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos: escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade crecente.
- Articulación e dixitación.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.

- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Interpretación de estudos do curso.
- Exercicios de son, afinación, vibrato e rexistro agudo.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao estilo.
- Capacidade comunicativa.
- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o curso e o cumprimento dos mínimos esixibles.

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- manter unha posición corporal relaxada e controlada, colocando correctamente as mans e os dedos e empregando unha embocadura estable e flexible en toda a extensión;
- realizar as escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións, coa sincronización de dedos e lingua propia do nivel con coordinación e claridade;
- montar, desmontar e preparar correctamente o instrumento, así como empregar unha respiración diafragmática e silenciosa para producir e manter un son estable, flexible e con distintas dinámicas en toda a extensión;
- manter un pulso regular, executar correctamente as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel e coordinarse co metrónomo ou co acompañamento;
- respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura e realizar as respiracións adecuadas á duración das frases;
- interpretar estudos e obras apoiándose na análise formal e harmónica con continuidade, sentido musical e adecuación ao carácter da obra;
- executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.2. Convocatoria extraordinaria de xuño

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 5º curso de grao profesional.

Deberá interpretar:

- Un estudo e unha obra escollidos polo alumno ou alumna (**40 %**). A obra escollida polo alumno ou alumna interpretarase de memoria. Deberá interpretar o material completo, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados e respectando as indicacións básicas de tempo e dinámica.
- Un estudo e unha obra escollidos polo profesor ou profesora (**40 %**). Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.
- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (**20 %**). Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar correctamente as figuras e silencios básicos, realizar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, colocación das mans e dos dedos, embocadura, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, articulación, respiración, dinámica, tempo, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel do 5º curso de grao profesional.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

4.3. Rúbrica e cálculo da cualificación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos

para o 5º curso de grao profesional e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén un control corporal adecuado, con relaxación e concentración, e unha colocación correcta de mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en toda a extensión e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade, precisión e regularidade.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Sincroniza dedos e lingua con precisión e velocidade nas obras do curso.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Aplica o vibrato de xeito controlado e ao servizo da expresión.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración diafragmática e silenciosa e realiza respiracións musicais.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable, con distintas dinámicas e flexibilidade, en toda a extensión do instrumento.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Controla a afinación en solista e en conxunto mediante exercicios específicos.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano, co grupo ou coa orquestra cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta con rigor as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Interpreta con fraseo e sentido musical, apoiándose na análise formal e harmónica da obra.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Estilo	Adapta a interpretación ao estilo da obra mediante o son, a articulación, a dinámica e a ornamentación.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta de memoria obras ou estudos do curso con seguridade.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta fragmentos do repertorio orquestral do nivel con criterio.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén un control corporal adecuado, con relaxación e concentración, e unha colocación correcta de mans e dedos.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Emprega unha embocadura estable e flexible en toda a extensión e executa as dixitacións con seguridade e fluidez.	☐	☐	☐	☐
Técnica	Executa escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade, precisión e regularidade.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Aplica unha respiración diafragmática e silenciosa e realiza respiracións musicais.	☐	☐	☐	☐
Son / produción	Produce un son estable, con distintas dinámicas e flexibilidade, en toda a extensión do instrumento.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo, co piano, co grupo ou coa orquestra cando proceda.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta con rigor as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación mesmo ante pequenos erros.	☐	☐	☐	☐
Estilo	Adapta a interpretación ao estilo da obra mediante o son, a articulación, a dinámica e a ornamentación.	☐	☐	☐	☐
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos mantendo notas, ritmos, articulacións e matices.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións e alteracións de todas as tonalidades con coordinación e fluidez.	☐	☐	☐	☐

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.	☐	☐	☐	☐
Ritmo	Executa correctamente as figuras, silencios e combinacións rítmicas propias do nivel.	☐	☐	☐	☐
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión presentes na partitura.	☐	☐	☐	☐
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.	☐	☐	☐	☐

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

A cualificación da proba obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Estudo + obra escollidos polo profesor ou profesora	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	____

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

Establecendo a puntuación en base 10, a equivalencia será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o 5º curso de grao profesional. Considerarase especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Mellorar a emisión conseguindo un son estable e aplicando as distintas dinámicas, cores e flexibilidade en toda a extensión do instrumento.
- Profundizar no dominio da dixitación, da precisión rítmica e da articulación para executar as pezas programadas neste curso.
- Demostrar a madurez suficiente para solucionar os problemas que presenten as pezas o longo do curso.
- Profundizar no coñecemento dos estilos, concretamente na música do século XX.
- Mellorar a articulación do dobre e triple picado.
- Desenvolver os criterios interpretativos a través do coñecemento histórico, a análise formal, as audicións e o desenrolo da propia personalidade creativa.
- Montar un repertorio amplio e variado que inclúa tanto obras solistas coma obras de conxunto.
- Interpretar pezas do repertorio orquestal.
- Profundizar no coñecemento doutros estilos musicais non pertencentes ao mundo clásico.
- Levar á práctica as habilidades adquiridas en audicións públicas tanto en grupos de cámara como de solista.
- Concebir a técnica como elemento necesario pero non único, potenciando outros aspectos estéticos e da personalidade do alumno.

2. Contidos

- Exercicios de son, escalas, arpexios, exercicios de quentamento diario etc.
- Continuación do desenvolvemento da velocidade en todas as tonalidades, así como en todas as articulacións.
- Profundización no estudo do vibrato.

- Traballo en profundidade do rexistro agudo.
- Exercicios de afinación.
- Desenvolvemento da lectura a vista.
- Entrenamento progresivo e permanente da memoria.
- Traballo do repertorio orquestral.
- Práctica da música de conxunto

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Para a avaliación do 6º curso de grao profesional tomaranse como referencia os seguintes criterios, agrupados por ámbitos:

Técnica:

- Manter un control corporal e unha colocación de mans e dedos correctos durante toda a interpretación.
- Empregar unha embocadura estable e flexible en toda a extensión, con dominio do rexistro agudo.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade, precisión e regularidade.
- Dominar a dixitación, a precisión rítmica e a articulación, incluídos o dobre e o triple picado, para executar as pezas do curso.
- Aplicar o vibrato con control e criterio estilístico.

Son / produción:

- Producir un son estable coas distintas dinámicas, cores e flexibilidade en toda a extensión do instrumento.
- Aplicar unha respiración diafragmática e silenciosa e realizar respiracións musicais.
- Controlar a afinación en solista e en conxunto.
- Concibir a técnica como elemento necesario pero non único, potenciando os aspectos estéticos e a personalidade propia.

Ritmo:

- Manter un pulso regular e executar con precisión e seguridade as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel.
- Coordinar a propia interpretación co metrónomo, co piano, co grupo ou coa orquestra.

Interpretación:

- Respectar con rigor as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura.
- Desenvolver criterios interpretativos propios a través do coñecemento histórico, da análise formal, das audicións e da personalidade creativa.
- Demostrar madurez suficiente para solucionar os problemas que presenten as pezas ao longo do curso.

Estilo:

- Profundizar no coñecemento dos estilos, en particular da música do século XX, e doutros estilos non pertencentes ao mundo clásico.
- Adaptar a interpretación ao estilo de cada obra mediante o son, a articulación, a dinámica e a ornamentación.

Repertorio:

- Interpretar completos os estudos e obras establecidos para o curso, incluíndo obras solistas e de conxunto.
- Memorizar e interpretar de memoria obras ou estudos do curso.
- Montar un repertorio amplo e variado que inclúa obras solistas e de conxunto.
- Interpretar pezas do repertorio orquestal.

Autonomía:

- Resolver con autonomía as dificultades técnicas e interpretativas das obras.
- Aplicar técnicas de estudo eficaces e valorar criticamente o propio traballo.
- Ler á vista con fluidez e adestrar a memoria de forma progresiva e permanente.

Interpretación pública:

- Levar á práctica as habilidades adquiridas en audicións públicas, tanto en grupos de cámara como de solista.
- Interpretar diante do público con seguridade, expresividade e concentración.

- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.
- Mostrar respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

3.2. Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado deberá acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Interpretar un mínimo de 3 obras e 5 estudos da programación do curso, incluíndo obras solistas e de conxunto.
- Executar escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade e regularidade axeitadas ao nivel.
- Producir un son estable, flexible e con cor en toda a extensión, con afinación adecuada.
- Mostrar coñecemento dos estilos traballados, incluída a música do século XX.
- Interpretar de memoria algunha das obras ou estudos do curso.
- Mostrar a súa capacidade escénica en polo menos dúas audicións públicas, con seguridade, concentración e continuidade.

3.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo. Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación, que se recollen neste apartado, e os criterios de cualificación, que se establecen no apartado seguinte.

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas trimestrais.
- Audicións públicas trimestrais.
- Exames, cando proceda (incluídos exames escritos se fose necesario).
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.

- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano, agrupacións camerísticas e repertorio orquestral.

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel do curso.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación aplicada neste curso será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Estudo e constancia.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Madurez para resolver os problemas das pezas e desenvolvemento de criterios interpretativos propios.

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso (probas trimestrais

e exames de estudos), tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos: escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións con velocidade crecente.
- Articulación e dixitación.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Interpretación de estudos do curso.
- Exercicios de son, afinación, vibrato, rexistro agudo e dobre e triple picado.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao estilo.
- Capacidade comunicativa.
- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.

- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para o curso e o cumprimento dos mínimos esixibles.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- manter unha posición corporal correcta e controlada, colocando correctamente as mans e os dedos e empregando unha embocadura estable e flexible en toda a extensión;
- realizar as escalas e arpexios en todas as tonalidades e articulacións, con dominio da dixitación e do dobre e triple picado con coordinación e claridade;
- montar, desmontar e preparar correctamente o instrumento, así como empregar unha respiración diafragmática e silenciosa para producir e manter un son estable, flexible e con cor en toda a extensión;
- manter un pulso regular, executar correctamente as figuras, silencios e cambios rítmicos do nivel e coordinarse co metrónomo ou co acompañamento;
- respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e expresión da partitura e

realizar as respiracións adecuadas á duración das frases;

- interpretar estudos e obras con criterio interpretativo propio con continuidade, sentido musical e adecuación ao carácter da obra;
- executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos, articulacións e matices traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.2. Convocatoria extraordinaria de xuño

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para o 6º curso de grao profesional.

Deberá interpretar:

